



<b>SISTEMA DE XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE</b> <b>“ Prego de prescricións técnicas (a resultas)”</b>	<b>Outros</b> <b>SXFSXU-OT-003</b>
--	---------------------------------------

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA O ALLEAMENTO DE  
APROVEITAMENTOS MADEIREIROS (A RESULTAS INCENDIO/ TEMPORAL/ PRAGAS/  
CLARAS)**

**I. ELEMENTOS DO CONTRATO**

**1.- ÁMBITO DO PREGO**

- 1.1 O presente Prego rexerá na execución do aproveitamento que se describe no artigo 2º.  
No non recollido expresamente polo presente prego, cumprírase o disposto no Prego Xeral de Condicións Técnico Facultativas (Resolución do 24-4-75, BOE do 20-8-75), no Prego Especial de Condicións Técnico Facultativas para Aproveitamentos madeirable (Resolución do 6-5-75, BOE do 21-8-75), no Decreto 244/1998 de 24 de xullo (DOG Nº159 de 18-08-98), na Orde de 8 de setembro de 1998 (DOG Nº 180 de 16-09-98) que desenvolve o Decreto 244/1998, ou na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG Nº 140 de 23-07-2012).
- 1.2 Entenderase por persoal responsable do control do aproveitamento, ao persoal dos Distritos Forestais, nomeadamente técnicos e axentes responsables da xestión dese monte, sen prexuízo de que a Administración forestal puidera designar a outras persoas.

**2.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO APROVEITAMENTO**

- 2.1.- Os produtos a que se refire o presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares son os procedentes do aproveitamento dos pés correspondentes ao lote **013/21**, vinculado ao expediente **360392100001** nunha superficie de **44 hectáreas (25 ha triturbables)**, que se representan no croquis adxunto a este Prego, do monte **de Atios, 3615673** pertencente **á CMVMC de Atios (O Porriño)**.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultas, incendio, temporal, pragas, claras)"	Páxina 1 de 9
----------------------------	---	---------------





2.2.- Características do aproveitamento.

Motivo da corta: Claras  
 Localización: UO 001,005,006  
 Cousa certa: **44 ha**  
 Especie/s: Pinus pinaster  
 Volume inicial estimado: Puntal: 1749 Tm  
 Rolla 2ª: 840 Tm  
 Rolla 1ª: 384 Tm  
 Prezo unitario: Puntal: 10 €/ Tm  
 Rolla 2ª: 20 €/ Tm  
 Rolla 1ª: 25 €/ Tm  
 Prezo base de taxación: Puntal: 17.490 €  
 Rolla 2ª: 16.800 €  
 Rolla 1ª: 9.600 €  
 Total tasación: 43.890 €  
 Prazo de execución: 12 meses  
 Posibilidade de aproveitamento:  
 -extracción de restos SI  NON  CON CONDICIÓNS   
 -trituration de restos SI  NON  CON CONDICIÓNS

Nota: estarase ao disposto no apartado 7

Declaración de Certificación de Xestión Forestal Sostible:

- 100% PEFC Certificado SI  NON
- FSC 100% SI  NON

Ao referirse o presente prego a cantidades que serán obxecto de posterior liquidación, o valor total do aproveitamento será o que resulte da medición final da totalidade dos produtos extraídos.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 2 de 11
----------------------------	--	----------------





### 3.- MODALIDADE DE ENAXENACIÓN

3.1.- O alleamento do aproveitamento a que se refire este prego realízase a **resultas da liquidación final**.

O alleamento será da madeira en pé con cortiza, polo que todas as operacións de derribo, arrastre, saca, etc. serán por conta do adxudicatario, así como as de pesada.

Cando a realización das pesadas dun aproveitamento de eucalipto se faga sen cortiza, realizarase corrección co obxecto de estimar o peso da madeira con cortiza. Os factores de corrección a utilizar serán de forma orientativa os seguintes:

Madeira queimada: 10%

Madeira verde: 18%

## II. FORMA DE REALIZAR O APROVEITAMENTO

### 4.- INSPECCIÓN DO APROVEITAMENTO

- 4.1 A execución do aproveitamento será controlada e inspeccionada polo persoal responsable do control do aproveitamento de **Pontevedra** (en adiante o “persoal responsable”), organizando os sistemas de control que se consideren adecuados para acadar os fins do mesmo. Ás súas observacións ou indicacións deberán aterse o adxudicatario e os seus operarios.
- 4.2 O adxudicatario e os seus operarios estarán obrigados a non poñer dificultade algunha para que, polo persoal responsable, se practiquen recoñecementos e operacións que se encamiñen a comprobar a correcta execución do aproveitamento.
- 4.3 Tódolos camións que se extraian do monte han de ficar rexistrados nos seus datos esenciais no correspondente parte de madeiras: matrícula, data, hora, destino, sinatura do conductor e do axente forestal. O Adxudicatario entregará ó persoal do Distrito Forestal dentro dos dez primeiros días do mes tódolos xustificantes das pesadas dos camións, que necesariamente han de conter as cantidades correspondentes ós pesos cargado e vacío.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: “Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)”	Páxina 3 de 11
----------------------------	--	----------------





- 4.4 O adxudicatario deberá chamar para avisar de que vai sacar a madeira do lote ao teléfono 886120800 (Distrito 18, O Porriño), entre as 8:00h e as 15:00h en días laborables, ou ao teléfono e/ou horario indicado polo persoal do distrito no momento da entrega do lote.

INDICANDO:

Número de lote

Nome do adxudicatario

Matrícula do camión

Día e hora da saída do camión

- 4.5 Se a saída do camión se fai en fin de semana ou festivo, chamarase o día laborable anterior no horario indicado anteriormente

Se un mesmo camión vai facer varias viaxes, farase unha chamada por cada unha delas. As chamadas faranse cun mínimo de unha hora de antelación á saída do camión do aproveitamento

O aviso de saída de camiións farase SEMPRE mediante chamada telefónica

- 4.6 A saída de madeira do monte sen o correspondente aviso, será tomada como un intento de facelo fóra do control oficial

- 4.7 Entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, época considerada como de perigo alto de incendios forestais, a saída de camiións do monte con madeira verase limitada a 1 ou 2 días a semán, que serán comunicados polo persoal responsable. Asemade, os días de saída de camiións do monte con madeira poderán ser variados por este persoal, segundo as súas necesidades de Servizo, debéndose comunicar por escrito, devandito cambio, ao adxudicatario cunha antelación de 2 días.

Se a época considerada de perigo alto de incendios forestais fose modificada e ampliada, será de aplicación o disposto no parágrafo anterior mentras esta dure. Asemade, estas restriccións poderán deixarse sen efecto, sempre e cando por parte do persoal responsable se aprecie que o risco de incendios forestal se atopase a un nivel o suficientemente baixo.

## 5.- FORMA DE REALIZAR A CORTA

- 5.1 Se o motivo da corta é un incendio, a corta a realizar será, como regra xeral, a feito, de tal xeito, que se derriben todos os pés comerciais e non comerciais afectados polo lume, incluídos na superficie obxecto de adxudicación.

As quercíneas e frondosas caducifolias, que non sexan motivo de aproveitamento permanecerán no monte, evitando danalas, ao igual que o resto da masa remanente.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 4 de 11
----------------------------	--	----------------





Ademais, o persoal responsable, determinará o número de árbores añasas (que quedan para morrer no monte). No caso de existir pés de quercíneas e frondosas caducifolias añasas, poderán ser elixidas como pés a morrer no monte, non tendo que engadir pés da especie obxecto do aproveitamento.

- 5.2 Se o motivo da corta é un temporal, praga ou enfermidade, a corta a realizar farase de tal xeito que se derriben todos os pés comerciais e non comerciais, se se estima así tecnicamente, incluídos na superficie obxecto de adxudicación, que estean expresamente sinalados no monte, e incluídos na superficie obxecto de adxudicación.
- 5.3. Se o motivo da corta é unha clara **mixta**, a corta a realizar farase de tal xeito que se derriben todos os pés comerciais e non comerciais, incluídos na superficie obxecto de adxudicación e, coa seguinte orde de prioridade: mortos, enfermos, danados, dobres, bifurcados, con guía morta, dominados, mal conformados e os necesarios para acadar unha tanxencialidade das copas sen que a densidade final sexa inferior a 450 pés/ha nin superior 700 pés/ha aproximadamente. Non obstante, en ningún caso poderán cortarse máis da metade dos pés orixinais.

Todas as árbores que reunindo algunha das características anteriores teñan máis de **25** cm de diámetro medido no tocón, apearanse en presenza obrigada do persoal responsable, agás no caso de dous pés por burato (pés dobres), se o pé apeado é o de menor diámetro dos dous.

Poderanse abrir vías de saca temporais coa largura (anchura) máxima imprescindible para a saca da madeira, distanciadas como mínimo **30** metros, puidendo ser sinaladas previamente polo persoal responsable. Excepcionalmente, o persoal responsable poderá autorizar un menor distanciamento entre vías, e sempre por causa xustificada tecnicamente.

A corta dará comezo no lugar que designe o persoal responsable. Unha vez iniciado o aproveitamento, a corta deberá realizarse nunha superficie continua, agás autorización de dito persoal.

- 5.4 O adxudicatario estará obrigado ao aproveitamento dos fustes das árbores ata un diámetro en punta delgada de 6 cm. para trozas dunha lonxitude mínima de 2 metros.

A altura do tocón non superará dos 10 cm., medidos na dirección superior da pendente.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 5 de 11
----------------------------	--	----------------





- 5.5 O adxudicatario está obrigado a respectar as condicións que para o derribo e desembosque da madeira se establezan sobre o terreo, por parte do persoal responsable, co gallo de evitar a erosión superficial, e procurar a conservación, na medida do posible, da rexeneración natural que puidera existir, e o arborado que deba permanecer.

O emprazamento dos cargadoiros que se consideren necesarios haberán de ser propostos ao persoal responsable e aprobados por este.

- 5.6 O adxudicatario é responsable de calquera alteración que se produza nas sinais que se sitúen para a demarcación da zona do aproveitamento.

## 6.- DESEMBOSQUE E SACA DOS PRODUTOS

- 6.1 O desembosque efectuarase a través da zona de corta en caso de incendio, pragas, enfermidades, e temporal, e a través da zona sinalada no croquis segundo se indique polo persoal responsable, en caso de que o motivo da corta sexa unha clara, podéndose realizar fóra da mesma en ocasións puntuais, e sempre previa autorización.

Para a saca e transporte dos produtos, o adxudicatario poderá utilizar os cargadoiros, veredas, arrastraderos e vías existentes, sen producir danos ao arborado que non sexa obxecto do aproveitamento. Se precisara reparalos ou construír outros novos será necesaria a autorización do persoal responsable; e se restaurará ao estado orixinal agás no caso que dito persoal, propoña aproveitar o acceso aberto.

Os cargadoiros, as pistas, incluídos foxos (cunetas) e pasos de auga, deberán quedar limpos de toda clase de residuos e restos de corta. As pistas deberán estar transitables e cos pasos de auga e foxos limpos para evitar estragos nas mesmas, durante o tempo que dure o aproveitamento.

Como regra xeral, evitarase a trituración de restos en pistas, agás que persoal responsable, o autorice expresamente. Neste caso, para permitir o paso da auga e co obxecto de que o sistema de drenaxe das pistas non se vexa afectado (calzada, foxos, pasos de auga, taxeadas, etc), non poderán quedar restos do triturado en ditas pistas.

- 6.2 O adxudicatario non poderá interromper o uso de camiños e pasos para o gando, nin opoñerse ao cruce das sendas ou camiños que o persoal responsable, xulgue necesarios para o bo aproveitamento do monte.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 6 de 11
----------------------------	--	----------------





Ao remate do prazo da adxudicación, o adxudicatario deberá deixar as pistas utilizadas en boas condicións de uso a xuízo do persoal responsable. No caso de que no uso dunha mesma pista coincidan varios adxudicatarios, a Xefatura do Servizo Provincial de Montes fixará a parte proporcional que poida corresponder a cadanseu nos gastos ou traballos de reparación.

## 7.- RESTOS DE CORTA

- 7.1.- De forma xeral, a realización dos aproveitamentos madeiros implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual.
- Nomeadamente e á fin de garantir o éxito da rexeneración natural que poida existir, os traballos de trituración poderán ser modificados polo persoal responsable, sempre e cando non supoña un aumento da superficie a triturar.
- En caso de lotes que acaden unha duración do aproveitamento superior aos 12 meses, o persoal responsable poderá determinar os prazos nos que se deberán acometer os traballos de trituración de restos, co obxectivo de salvagardar o rexenerado que se vaia producindo e non estragalo por un aproveitamento tardío que implique o paso por riba do mesmo.
- 7.2.- Os restos de corta ou poda de dimensión inferior a 6 centímetros de diámetro poderán deixarse ben amoreados en cordóns distanciados non menos de 10 metros, preferentemente por curvas de nivel, ou ben distribuílos polo monte tentando no posible que a súa distribución sexa homoxénea e que sexan desmenuzados polo paso da maquinaria. O persoal responsable, poderá acordar exceptuar da trituración de restos as zonas que considere oportunas por dificultades de mecanización xustificadas, por motivos ambientais, orografía ou condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión, ou aqueloutras que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes (artigo 95.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).
- 7.3.- Non se poderá eliminar os restos do aproveitamento mediante queima, salvo en casos excepcionais e sempre previa autorización do persoal responsable.
- 7.4.- A extracción de restos de corta ou árbores enteiras, especialmente con fins enerxéticos, precisará de autorización do persoal responsable, quen poderá denegalo ou condicionalo, debendo reflectilo no apartado 2.2 de características do aproveitamento, á fin de realizalo seguindo criterios de sustentabilidade, conservación da biodiversidade,

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 7 de 11
----------------------------	--	----------------





estabilidade dos solos, ou salvagarda dos ciclos de nutrientes (artigo 95.5 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

## 8.- INCENDIOS

- 8.1 Adoptaranse as precaucións necesarias para evitar que se produzan incendios forestais.
- 8.2 No caso de detectar a aparición dun incendio, deberase chamar ao teléfono 085.
- 8.3 Se dito incendio se produce no monte onde se realiza o aproveitamento ou en superficie limítrofe, o persoal que realiza o aproveitamento estará obrigado a poñerse a disposición da Administración forestal se esta lle comunica que precisa da súa cooperación nos traballos de extinción.

## 9.- OUTRAS CONDICIÓN

- 9.1 O persoal responsable poderá elixir algunhas árbores con obxecto de realizar estudos dendrométricos. O seu número non superará en ningún caso o cinco por cen do total das árbores a apear. O adxudicatario deberá apear estes pés cando se lle ordene. Unha vez realizados os estudos poderá aproveitálos sen que poida reclamar sobre o estado no que se atopen.
- 9.2 En todo momento respectarase a lexislación aplicable, especialmente no que se refire á normativa vixente de seguridade e saúde.
- 9.3. Cando o lote de madeira se atope incluído no SXFSXU:
  - 9.3.1. O adxudicatario deberá cumprir co establecido no Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible.
  - 9.3.2. En calquera momento o persoal responsable, poderá solicitar os documentos que acrediten a contratación dos operarios que se atopen traballando na unidade de xestión.
  - 9.3.3. A empresa adxudicataria, no prazo máximo dun mes tras a Acta de Entrega do lote, deberá remitir ao persoal responsable, unha comunicación co

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 8 de 11
----------------------------	--	----------------







número de persoas empregadas, diferenciando homes e mulleres, e a formación específica recibida, así como informar dos accidentes graves que se poidan ocasionar durante a execución do aproveitamento.

9.4. Cando o lote se atope sobre superficie obxecto dalgún réxime de protección (Rede Natura, Augas, Patrimonio), o adxudicatario deberá cumprir as consideracións do informe de autorización do Servizo con competencias en materia sectorial.

No caso que se xeren gastos como consecuencia das actuacións a realizar para dar cumprimento ás condicións impostas polo Servizo competente, estes correrán por conta do adxudicatario.

9.5. O persoal responsable, poderá propoñer paralizar a corta se esta afectase á nidificación de aves de presa, de pícidos (petos) ou de especies catalogadas, por prazo detallado (días ou meses), e durante ese período non computará nos prazos para o aproveitamento.

9.6. Cando o lote se atope en Zona Demarcada pola corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner el Buhner) Nickle et al., deberase cumprir a normativa vixente, con especial atención á xestión de restos.

9.7. O adxudicatario adoptará as medidas necesarias para minimizar ou, de ser posible, evitar danos ao terreo causados pola maquinaria e, de selo caso, procederá a súa reparación. Ademais o adxudicatario deberá evitar executar accións que poidan supor risco de erosión ou posibles fenómenos de inestabilidade edáfica.

## 10.- PROHIBICIÓNS EXPRESAS

10.1. O adxudicatario non poderá impedir a execución dos demais aproveitamentos, distintos dos a el adxudicados, nin a dos traballos de mellora ou de calquera índole que no mesmo se realicen pola Administración forestal, xa se executen por administración ou por calquera outro sistema de contratación.

10.2. Igualmente deberá respectar as servidumes que estean establecidas.

10.3. Non poderá o adxudicatario aproveitar as árbores, arbustos ou matorrais non incluídos nos aproveitamentos adxudicados, nin sequera para utilizalos en traballos complementarios deste.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 9 de 11
----------------------------	--	----------------





- 10.4 Non se poderán realizar traballos nocturnos, nin en domingos ou días festivos.
- 10.5 Está terminantemente prohibido prender lume no monte en épocas de risco de incendio. Fóra das épocas de risco, estarase ao disposto na lexislación de incendios, e en especial respecto a autorizacións e comunicacións de queima.
- 10.6 Queda prohibida a acumulación incontrolada de residuos (latas de aceite, latas de combustible, plásticos, etc),debendo proceder o adxudicatario a retirar todo tipo de residuos que xere e a deixar o monte nas mesmas condicións que estaba antes do aproveitamento.
- 10.7 Queda prohibida, consonte o apartado w do artigo 128 da Lei 7/2012, de montes de Galicia; a alteración de sinais de amolloamento que delimiten un monte público, ou veciñal en man común. Esta infracción será tipificada como moi grave, cando a alteración de sinais de amolloamento impida a determinación sobre o terreo dos lindes legalmente establecidos
- 10.8 Queda prohibida, a sinalización mediante a acción de cravar ou esgazar con calquera elemento, manual ou mecánico, as árbores que non sexan obxecto de aproveitamento. (Artigos 88 e 128 da Lei 7/2012, de montes de Galicia)

#### 11.- VENDA OU SUBARRENDO DO DISFRUTE

- 11.1 Se o adxudicatario vendese no monte os produtos do aproveitamento ou subarrendase, poñerá en coñecemento da Xefatura do Servizo Provincial de Montes e proverá ao comprador ou subarrendador do documento que o acredite como tal. O comprador ou subarrendador ficará obrigado ao cumprimento de todas as condicións deste prego; este feito non eximirá ao adxudicatario da responsabilidade correspondente a todos os danos que se produzan no monte.

#### 12.- PRAZO DE EXECUCIÓN

- 12.1 O adxudicatario queda en liberdade para realizar as diferentes operacións na época que máis conveña aos seus intereses pero sempre dentro do prazo fixado para realizar o aproveitamento, sen prexuízo do disposto no apartado 9.6.
- 12.2 O apeo deberá estar ultimado aos **12** meses contados a partires do día seguinte ao da sinatura da acta de entrega, e a retirada da totalidade dos produtos nun prazo dun mes a partires de que se dea por rematado o apeo.

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 10 de 11
----------------------------	--	-----------------





- 12.3 Rematado o prazo para a execución dos aproveitamentos, perderá o adxudicatario, sen dereito a indemnización algunha os produtos non aproveitados ou non extraídos do monte, aboando ademais o importe dos danos e prexuízos causados.
- 12.4 O incumprimento de calquera das condicións anteriores será causa suficiente para declarar a resolución do contrato establecido en virtude da adxudicación definitiva, ordenándose a retirada da licenza concedida, sen prexuízo das sancións que estipula o apartado ñ.5 do artigo 128 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Pontevedra,

O técnico do Distrito Forestal  
Mónica García Atrio  
Sinatura electrónica

Vº e Prace:  
A xefa do Servizo de Montes  
Amalia Elsa Pazos Pintos  
Sinatura electrónica

Data: 01/04/2020 Rev. 2	SXFSXU-OT-003: "Prego prescricións técnicas (a resultados, incendio, temporal, pragas e claras)"	Páxina 11 de 11
----------------------------	--	-----------------

